

Sorriso

Alí estaba, esperándome coma sempre.

Esa figura que xa non era nova para min. Todas as noites tiñamos unha cita cando eu ía durmir, coma sempre.

Acórdome moi ben da primeira vez que o vin, como esquecerme daquel intre...

Un rapaz co cabelo rizado, e eses ollos, dun verde intenso, que cada vez que os ollaba me perdía neles.

Sempre esperándome no mesmo sitio, nese banco de madeira bañado, cada noite, pola luz da lúa.

O que máis me gusta da súa compañía son as conversas entre nós, que duran horas e horas e das que nunca me canso. O mellor é que lle podo contar todo, mentres el me agasalla co seu sorriso de complicidade.

-Olivia, esperta, é hora de ir ao colexio.

Coma todas as mañás, tiven que despedirme, e grazas a el, todos os días consigo levantarme cun gran sorriso.

Lucía Fernández Gándara 1ºB